

# 3º Ciclo Educación Primaria



Manu é algo descoidado e lacazán. Xan é o aplicado, sempre mergullado nos seus libros. Manu e Xan son xemelgos, pero moi diferentes. Mais cando coñezan o señor don Meco, un emigrante africano que traballa na praza do barrio, todo mudará nas súas vidas.

Título: *Señor Meco*

Adaptación: *Mar Guerra Cid*

Editorial: *Xerais (2012)*

Lorena e os seus amigos queren descubrir a orixe das misteriosas bólas de luz que, como pompas de xabón xigantes, flotan sobre o Faro Vello de cando en vez.



Título: *O misterio do Faro Vello*

Adaptación: *Fina Casalderrey*

Editorial: *Xerais (2012)*



A Torre das Laverças era unha casa cunha cheminea moi grande. Eu tiña seis anos cando marchamos dela. O meu pensamento ía unha e outra vez á Torre das Laverças; necesitaba volver, era coma se nela houbera algo importante para min.

Título: *A Torre das Laverças*

Adaptación: *Daniel Ameixeiro*

Editorial: *Xerais (2012)*

# Cantares Gallegos

Este ano celebramos o 150 Aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, que se considera a primeira grande obra da literatura galega moderna.

Cantarte hei, Galicia,  
teus dulces cantares,  
que así mo pediron  
na veira do mare.

Cantarte hei, Galicia,  
na lingua gallega,  
consolo dos males,  
alivio das penas.

Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei,

prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casiña do meu contento,

Nasín cando as prantas nasen  
no mes das froles nasín,  
nunha alborada mainiña,  
nunha alborada de abril.  
Por eso me chaman Rosa,  
mais a do triste sorrir,  
con espiñas para todos,  
sin ningunha para ti.

Vaite noi-  
te-vai fuxin-  
do-vente auro-  
ra-vente abrin-  
do-co teu ros-  
ro-que sorrin-  
do-ijja sombra espanta!!!

¡Canta,  
paxariño can-  
ta-de ponliña en pon-  
la-que o sol se levan-  
ta-polo monte ver-  
e-polo verde mon-  
te-alegando as her-  
bas-alegando as fon-  
tes!...

# Que ler este Verán?



Jorge Peteiro

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

CEIP de Arteixo  
CEIP Ponte dos Brozos

xuño 2013

# Educación Infantil



Atopou uns grans de trigo, sementounos, colleu a colleita, foi ao muíño, forneou o pan... Pero nin o can, nin o gato nin o pato lle axudaron a facer todo ese traballo, os moi cómodos e nugalláns.

Título: *A galiña roxa*

Adaptación: *Pilar Martínez*

Editorial: *Kalandraka (2012)*


-Papá, xa estamos todos na cama -dixeron os ratiños-. Anda, cóntanos un conto.

-Farei algo mellor -dixo o Papá- Contareivos sete contos, un para cada un...

Título: *Contos de Ratiños*

Autor: *Arnold Lobel*

Editorial: *Kalandraka (2004)*




Ollos de cereixa, pel de pexego, nariz de amorodo... Misteriosa viaxe para unha araña exploradora. Un achegamento visual e poético pola xeografía do corpo humano.

Título: *A araña e máis eu*

Autor: *Fran Alonso*

Editorial: *Kalandraka (2º ed. Xullo 2011)*

# 1º Ciclo Educación Primaria



Había unha vez unha nena moi xeitosiña que vivía nunha aldea, preto dun bosque. Chamábanlle Carapuchiña.

Descubre unha nova Carapuchiña torpe para a costura, larpeira e con unha gran curiosidade.

Título: *A verdadeira historia de Carapuchiña*

Autor: *Marc Taege*

Editorial: *Kalandraka (3ª ed. 2013)*

“Moitas veces, as cousas non son como un pensa. Incluso son ao revés!”, díxolles o vello moucho a oso pequeno e tigre pequeno cando se empeñaron en ir á procura da mellor cousa do mundo.”

Título: *Imos buscar un Tesouro*

Autor: *Janosch*

Editorial: *Kalandraka (2013)*



Linda era unha vaca diferente. O seu maior pracer consistía en meterlle un susto ao carteiro e escorrentalo da granxa. Ata que o pobre carteiro remataba desquiciado e incapaz de seguir co seu traballo.

Título: *Linda á espreita*

Autor: *Alexander Steffensmeier*

Editorial: *Xerais (2010)*



# 2º Ciclo Educación Primaria

Cando Xoa naceu, houbo festa ranchada. Os habitantes do campeiro bailaron e bailaron ata non poder máis, contentos coma carricantas. E é que había tempo que naquel lugar non viña ao mundo unha xoaniña.

Título: *Xoa*

Autor: *Antonio Yáñez Casal*

Editorial: *Xerais (2010)*



Daniela na casa da súa avoa. Unha tarde sobe ao faiado e alí leva o susto da súa vida. Ao abrir un baúl, aparece un rato que, en realidade, é un extraterrestre!

Título: *Desde unha estrela distante*

Autor: *Agustín Fernández Paz*

Editorial: *Xerais (2013)*



Título: *O aroma do liquidámbar*

Autor: *An Alfaya*

Editorial: *Xerais (2012)*

Miro non sabía que Susana estaba no cárcere, e Daniel devecía de pena porque Adelaida marchara a Guatemala a coidar da súa avoa. Os dous estrañaban as súas nais e uníronse na espera, compartindo segredos.